

DEREITOS E DEBERES DOS VECIÑOS**Artigo 15, Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:**

Toda persoa que viva en España está obrigada a inscribirse no Padrón do municipio no que resida habitualmente. Quen viva en varios municipios deberá inscribirse unicamente no que habite durante máis tempo ao ano. (...) A condición de veciño adquírese no mesmo momento da súa inscrición no Padrón.

Artigo 68. Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo:

Tódolos veciños deben comunicar ao seu Concello as variacións que experimenten as súas circunstancias persoais na medida en que impliquen unha modificación dos datos que deben figurar no padrón municipal con carácter obrigatorio.

Artigo 16. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:

A inscrición no Padrón Municipal deberá ser obxecto de RENOVACIÓN PERIÓDICA cada dous anos cando se trate da inscrición de estranxeiros sen autorización de residencia de longa duración, non pertencentes a un Estado membro da Unión Europea, a Estados parte no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo ou a outros Estados aos que, en virtude de convenio internacional, se estenda o réxime xurídico dos anteriores.

O transcurso do prazo sinalado no parágrafo anterior será causa para acordar a caducidade das inscricións sen necesidade de audiencia previa do interesado, cando o mesmo non tivese procedido a tal renovación.

Artigo 18. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:**1. Son dereitos e deberes dos veciños:**

- a) Ser elector e elixible de acordo co disposto na lexislación electoral.
- b) Participar na xestión municipal de acordo co disposto nas leis (...).
- c) Utilizar, de acordo coa súa natureza, os servizos públicos municipais, e acceder aos aproveitamentos comunais, conforme ás normas aplicables.
- d) Contribuír mediante prestacións económicas e persoais legalmente previstas á realización das competencias municipais.
- e) Ser informado, previa petición razoada, e dirixir solicitudes á Administración municipal, en relación a tódolos expedientes e documentación municipal, de acordo co previsto no artigo 105 da Constitución.
- f) Pedir a consulta popular nos termos previstos na lei.
- g) Esixir a prestación e, no seu caso, o establecemento do correspondente servizo público, no suposto de constituír unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio.
- h) Exercer a iniciativa popular nos termos previstos no artigo 70 bis.
- i) Aqueles outros dereitos e deberes establecidos nas leis.

DERECHOS Y DEBERES DE LOS VECINOS**Artículo 15. Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local:**

Toda persona que viva en España está obligada a inscribirse en el Padrón del municipio en el que resida habitualmente. Quien viva en varios municipios deberá inscribirse únicamente en el que habite durante más tiempo al año. (...) La condición de vecino se adquiere en el mismo momento de su inscripción en el Padrón.

Artículo 68. Real Decreto 1690/1986, de 11 de julio:

Todos los vecinos deben comunicar a su Ayuntamiento las variaciones que experimenten sus circunstancias personales en la medida en que impliquen una modificación de los datos que deben figurar en el padrón municipal con carácter obligatorio.

Artículo 16. Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local:

La inscripción en el Padrón Municipal deberá ser objeto de RENOVACIÓN PERIÓDICA cada dos años cuando se trate de la inscripción de extranjeros sin autorización de residencia de larga duración, no pertenecientes a un Estado miembro de la Unión Europea, a Estados parte en el Acuerdo sobre el Espacio Económico Europeo o a otros Estados a los que, en virtud de convenio internacional, se extienda el régimen jurídico de los anteriores.

El transcurso del plazo señalado en el párrafo anterior será causa para acordar la caducidad de las inscripciones sin necesidad de audiencia previa del interesado, cuando el mismo no hubiese procedido a tal renovación.

Artículo 18. Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local:

1. Son derechos y deberes de los vecinos:

- a) Ser elector y elegible de acuerdo con lo dispuesto en la legislación electoral.
- b) Participar en la gestión municipal de acuerdo con lo dispuesto en las leyes (...).
- c) Utilizar, de acuerdo con su naturaleza, los servicios públicos municipales, y acceder a los aprovechamientos comunales, conforme a las normas aplicables.
- d) Contribuir mediante las prestaciones económicas y personales legalmente previstas a la realización de las competencias municipales.
- e) Ser informado, previa petición razonada, y dirigir solicitudes a la Administración municipal en relación a todos los expedientes y documentación municipal, de acuerdo con lo previsto en el artículo 105 de la Constitución.
- f) Pedir la consulta popular en los términos previstos en la ley.
- g) Exigir la prestación y, en su caso, el establecimiento del correspondiente servicio público, en el supuesto de constituir una competencia municipal propia de carácter obligatorio.
- h) Ejercer la iniciativa popular en los términos previstos en el artículo 70 bis.
- i) Aquellos otros derechos y deberes establecidos en las leyes.